

**ESTATUTOS
FUNDACIÓN FEXDEGA**

**ESTATUTOS DA FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS PARA O
DESENVOLVEMENTO DE GALICIA
-FEXDEGA**

APROBACIÓN: PLENO 27-02-2012

TÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.-Denominación e natureza da Fundación.

Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución Española, coa denominación de *Fundación Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia -Fexdega*, constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego e sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado, de xeito duradeiro, á realización dos fins de interese xeral para Galicia propios da institución.

Artigo 2.-Personalidade e capacidade da Fundación.

A fundación ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar dende a inscrición da escritura pública da súa constitución no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante, o rexistro), podendo realizar en consecuencia todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico e a os presentes estatutos.

Artigo 3. Duración da Fundación.

A fundación ten carácter permanente e a súa duración será indefinida

Artigo 4.-Réxime Xurídico

A fundación rexerese pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; polo Regulamento de fundacións de interese galego, aprobado polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, en todo aquilo que non se opoña á devandita lei ou, se é o caso, polas disposicións que o substitúan; pola vontade da persoa fundadora manifestada nestes estatutos e polas demais normas de xeral aplicación.

Así mesmo, tamén rexerese, con carácter supletorio, polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións de competencia estatal, así como da demais normativa que resulte de aplicación.

Artigo 5.-Domicilio da fundación

O domicilio da fundación radicará na cidade de Vilagarcía de Arousa, Finca A Maroma, s/n.

O Padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria.

De calquera xeito, a Fundación, deberá estar domiciliada na Comunidade Autónoma de Galicia tendo o seu domicilio estatutario no lugar onde se encontre a sede do seu padroado ou ben no lugar onde se leven a cabo principalmente as súas actividades.

O cambio de domicilio da fundación comunicarase ao protectorado, na forma prevista na lexislación vixente.

Artigo 6.-Ámbito de actuación

A fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e particularmente no concello de Vilagarcía de Arousa. Non obstante poderá actuar en calquera ámbito xeográfico que estime oportuno para a realización dos seus fins fundacionais.

Artigo 7. Integrantes da Fundación

Os integrantes da Fundación poden ser fundadores, adheridos e de honra.

Son fundadores aqueles que constitúen e crean a Fundación, e adheridos aqueles que se incorporen á mesma con posterioridade ao outorgamento da Carta Fundacional e sexan aceptados polo Padreado nas circunstancias esixidas.

Son integrantes de honra aquelas persoas físicas ou xurídicas que, en virtude do acordo motivado, decidido polo Padroado por maioría dos dous terzos dos integrantes fundadores e adheridos e en atención aos seus relevantes méritos ou servizos aos fins propios da Fundación, así se designen.

Os Integrantes de honra non poderán formar parte de ningún órgano da fundación.

A condición de adherido adquirese por acordo motivado dos dous terzos dos membros do Padroado, despois da correspondente solicitude dirixida polo Presidente da respectiva entidade ao presidente do Padroado.

A solicitude deberá ir acompañada de certificación do acordo adoptado polo seu máximo órgano de goberno, no que se exprese a vontade de adhesión íntegra a estes Estatutos e ás normas que os desenvolvan, así como ás demais disposicións aplicables, co compromiso de asumilos dereitos e obrigas inherentes.

A separación dos integrantes da Fundación, que non sexan membros de órganos de goberno, decidirse a instancia da entidade interesada, polo procedemento establecido no parágrafo anterior en canto resulte analoxicamente aplicable, subsistindo, non obstante, os compromisos previamente contraídos.

Tamén poderá decidirse pola Fundación a separación, despois da instrución do expediente con audiencia da entidade afectada, en caso de incumprimento notorio e reiterado das súas abrigas, sempre que previamente esta fose requirida ao efecto.

Non será preciso requirimento previo no caso de actos que afecten gravemente ao interese xeral e aos fins da Fundación, senda precisa a concesión de audiencia no expediente que ao respecto se instrúa.

O incumprimento de abrigas para coa Fundación non será determinante da separación, se a Entidade cumpriše voluntariamente as abrigas contraídas, aínda que tora de xeito extemporáneo.

Os integrantes da Fundación terán os seguintes dereitos e abrigas:

- a) Cumprir os estatutos, normas que os desenvolvan e acordos que, de forma válida se adopten.
- b) Asistir, con voz e voto, ás sesións dos órganos colexiados nos que estean representados, de cardo con estes Estatutos.
- c) Satisfacelas aportacións ordinarias e extraordinarias que se establezan.a) Participar nos órganos complementarios, na forma en que se determine.
- d) Cumprir e facer cumprir os fins da Fundación, servindo o cargo coa dilixencia dun administrador leal.
- e) Conservar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación e manter plenamente a produtividade dos mesmos, segundo criterios financeiros e de acordo coas circunstancias económicas.
- f) Recibir información por medio dos seus representantes e obtela estes para si no exercicio interno das súas funcións.
- g) Observar as normas de disciplina, orde e cortesía nos actos nos que interveñan e calquera outras establecidas pala Lexislación, por estes Estatutos e Normas que os desenvolvan e cantos se determinen no Regulamento de Réxime Interior.

TÍTULO 11

OBXECTO DA FUNDACIÓN

Artigo 8.- Obxecto da Fundación

O obxecto da Fundación é destinar e afectar un patrimonio á realización, sen ánimo de lucro, de xeito duradeiro, á realización dos fins de interese xeral para Galicia propios da institución no seu ámbito territorial

Artigo 9.- Fins fundacionais

A fundación ten por fins a promoción de actividades sociais, artísticas, deportivas, culturais, de ocio, formativas, educacionais, comerciais, industriais, agropecuarias, turísticas e calquera outra que teña por obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia, e o nivel profesional de todos os sectores da actividade económica, contribuindo con isto á elevación do nivel de vida do medio urbano e rural.

Artigo 10.-Actividades fundacionais

1. Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a fundación pode realizar as seguintes actividades:

- a) A promoción e a organización, realización, coordinación e execución, xa directamente ou xa por terceiros, de actividades deportivas, culturais, sociais e de ocio, a través do uso dos activos e bens da Fundación.
- b) A formación profesional de todos os sectores da vida económica e a realización de cantas actividades culturais ou doutra arde que puideran servir de apoio e desenvolvemento de actividades contempladas nos estatutos
- c) A promoción e o fomento directa ou indirectamente da actividade económica da Comunidade Autónoma de Galicia, ou de algún sector específico, a través da celebración periódica de certames, feiras, eventos e exposicións de toda índole, sexan estas., comerciais, industriais, agropecuarias, turísticas, sociais, artísticas, deportivas, culturais, de ocio industriais, musicais, turísticas, deportivas, técnicas, agrícolas e gandeiras en Vilagarcía de Arousa, de ámbito internacional, mixtas, nacional, autonómico, provincial ou local, tanto de carácter xeral como monográfico, podendo ser eventos de venda directa polos expositores como non.
- d) Calquera das actividades sinaladas nos puntos anteriores poderanse realizar baixo as fórmulas de xestión ou organización directa, coorganización, organización e execución externa ou calquera outra fórmula válida en dereito, e con operadores ou xestores privados ou públicos, neste último caso por calquera entidade ou organismo do sector público español pertencente a calquera das administracións do Estado, ben sexa da Administración central, autonómica ou municipal ou de calquera dos seus organismos ou entes dependentes ou instrumentais, ou das administracións de Estados estranxeiros.

- e) O encargo, realización e xestión de toda clase de obras de construción, instalación e equipamento de inmobles e actos que sexan necesarios para os fins pretendidos.
 - f) Calquera outros que afecten ou incidan en calquera forma ou ámbito nos intereses xerais ou peculiares, efectivos ou expectantes, da fundación e, por isto, das entidades que a integran.
 - g) A explotación mediante arrendamento o de calquera outro xeito, válido en dereito, de todo ou parte do seu inmovilizado material, inmaterial ou financeiro para contribuír ao sostemento da Fundación.
2. A fundación poderá desenvolver actividades económicas directamente e intervir en calquera actividade económica mediante a participación en sociedades, conforme o previsto na normativa vixente.
3. A fundación deberá publicar na súa sede electrónica, sen prexuízo do seu anuncio e difusión xeral, a expresión dos fins fundacionais, as actividades proxectadas, así como as condicións e requisitos dos concursos que convoque.
4. Ao obxecto de conquistar os seus fins, a Fundación poderá:
- A) Establecer as estruturas organizativas que foran pertinentes.
 - B) Facilitar intercambios de información mutua.
 - C) Constituír servizos de formación e asesoramento dos seus membros e organizar xornadas de estudo e orientación.
 - D) Promover estudos e publicacións.
 - E) Dirixirse aos poderes públicos coas iniciativas oportunas e solicitar ser oída na elaboración da normativa legal ou regulamentaria que afecte aos sectores a que estes Estatutos se contraen.

Calquera outras que afecten ou incidan nos fins anteriormente estable

Artigo 11.-Principios de actuación

1. A fundación deberá actuar de acordo cos seguintes principios:

- a) Destinar efectivamente o patrimonio e as súas rendas, de acordo coa leí e con estes estatutos, aos seus fins fundacionais.
- b) Dar información suficiente dos seus fins e actividades para que sexan coñecidos polas súas eventuais persoas beneficiarías e as demais interesadas coas limitacións establecidas no ordenamento xurídico.
- c) Actuar con criterios de imparcialidade e non-discriminación na determinación súas persoas beneficiarías.
- d) Respetar o código de conduta das entidades sen ánimo de lucro.

2. O padreado terá plena liberdade para determinar as actividades da fundación tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan os máis adecuados ou convenientes en cada momento.

TÍTULO III

REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONALES E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS

Artigo 12.- Destino dos ingresos das fundacións

A fundacións deberá destinar, polo menos, o 70% do importe do resultado contable da fundación, aos axustes previstos neste artigo, á realización dos fins fundacionais. Non se considerarán como ingresos netos as contribucións ou doazóns recibidas en concepto de dotación fundacional, no momento da constitución ou nun momento posterior, nin as ganancias obtidas na transmisión de bens ou dereitos afectados á dotación fundacional, sen prexuízo do disposto no apartado A) deste artigo. O resto do resultado contable, non destinado á realización dos fins fundacionais, deberá incrementar a dotación, diminuir perdas de exercicios anteriores ou ben as reservas da fundación, segundo acordo do padreado.

Se computarán como ingresos e gastos aquelas partidas que a Lei ou os regulamentos contemplan como tales.

Consideraranse destinados aos fins fundacionais o importe dos gastos e investimentos realizados en cada exercicio que efectivamente contribuisen ao cumprimento dos fins propios da fundación especificados nos seus estatutos.

Os importes que excedan do 70% poderán ter a consideración de exceso de aplicación, podendo ser considerados como destino a fins fundacionais no prazo máximo establecido por este artigo.

Para determinar o cumprimento do requisito do destino de rendas e ingresos, cando os investimentos ou gastos destinados aos fins fundacionais fosen financiados con ingresos que se deban distribuír en varios exercicios, como subvencións, doazóns e legados, ou con recursos financeiros alleos, estes investimentos ou gastos computaranse na mesma proporción en que o sexan os ingresos ou se amortice o financiamento alteado.

O destino a fins fundacionais deberá realizarse no prazo comprendido entre o inicio do exercicio económico en que se obtiveron os resultados e os catro anos seguintes ao seu peche.

Na memoria integrada nas contas anuais incluírase información detallada do cumprimento da obriga de destino de ingresos e rendas, especificando o resultado sobre o que se aplica a porcentaxe do 70%, os gastos e investimentos efectuados, así como os gastos de administración. Así mesmo, incluírase información sobre os saldos pendentes de aplicar de exercicios anteriores.

Artigo 13.- Gastos de administración dos órganos de goberno.

O importe dos gastos directamente ocasionados aos órganos de goberno pola administración dos bens e dos dereitos que integran o patrimonio da fundación, e aos que os membros do padreado leñen dereito a ser reembolsados por desempeñaren o seu cargo, non poderá exceder o 20% do resultado contable da fundación, corrixido os axustes previstos no anterior. Non obstante, con carácter excepcional e por solicitude motivada da fundación, o Protectorado poderá autorizar, cos límites e condicións que estableza, a superación da citada porcentaxe.

Artigo 14.- Persoas beneficiarias

Serán beneficiarios/as da fundación todas as persoas físicas e xurídicas que, de calquera forma, teñan relación co seu obxecto nas condicións que, de acordo con estes estatutos e posteriores acordos da fundación, se determinen.

A determinación das persoas beneficiarias efectuarase polo padreado con criterios de imparcialidade e non discriminación.

TÍTULO IV GOBERNO DA FUNDACIÓN

Artigo 15.- Órganos de goberno da fundación

A fundación réxese polo Padreado.

O Padreado, dentro dos límites marcados pola Lei poderá encargarse do exercicio da xestión ordinaria ou administrativa das súas actividades a un Xerente ou cargo semellante, que poderá ser unha persoa física ou xurídica, podendo pertencer esta tanto ó sector público coma ó privado, coas funcións e facultades que lle outorgue o Padreado e as previstas nestes estatutos no capítulo cuarto de este título.

CAPÍTULO PRIMEIRO: O PADROADO

Artigo 16.- Natureza

O padreado é o órgano colexiado de goberno, representación e administración da fundación e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nestes estatutos.

Adoptará os seus acordos por maioría nos termos establecidos nos presentes estatutos.

Correspóndelle ao padreado cumprir os fins fundacional e administrar con dilixencia os bens e os dereitos que integran o patrimonio da fundación, mantendo o seu rendemento e a súa utilidade.

Poden ser membros do padreado da fundación tanto as persoas físicas coma as xurídicas. As persoas físicas que sexan membros do padreado deberán ter plena capacidade de obrar, e non poderán estar inhabilitadas para o exercicio de cargos públicos.

As persoas xurídicas comezarán a exercer as súas funcións unha vez que acepten expresamente o cargo e que nomeen como representante a persoa física que teña a súa representación legal, ou ben, outra persoa ou persoas expresamente designadas para tal finalidade, debendo deixar constancia da aceptación do seu cargo como se establece no artigo 21 dos Estatutos.

Artigo 17.- Composición do padreado

O padreado está composto por 11 persoas:

- a) O/A presidente/a: Corresponderalle o cargo de Presidente/a da Fundación ó/á Excmo. Sr/Sra. Alcalde/sa de Vilagarcía de Areusa.
- b) O/A secretario/a: será designado/a por maioría de entre os vogais ou membros do padreado ou poderá nomearse entre persoas físicas alleas á Fundación.
- c) Vogais:

- Cinco persoas en representación do Concello de Vilagarcía de Areusa: unha, o/a Excmo/a. Sr.la Alcalde/sa de Vilagarcía de Areusa e os outros catro designados polo seu Pleno de entre os seus membros.

- Tres persoas en representación da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Vilagarcía de Arousa designados polo seu Pleno de entre os seus membros.
- Dúas persoas en representación da Deputación Provincial de Pontevedra
- Unha persoa en representación da entidade financeira Novagaliciabanco, designada polo seu Consello de Administración.

Na súa composición procurarase, na medida do posible, unha participación equilibrada de mulleres e homes.

As vacantes que se produzan entre os membros do padroado cubriranse de conformidade co disposto nos estatutos. Cando isto non fose posible, deberase promover a correspondente modificación estatutaria.

Cando non sexa posible a substitución dos patróns de conformidade co disposto nos estatutos, e mentres non se leve a cabo a oportuna modificación estatutaria, o Protectorado queda facultado para a designación da persoa ou persoas que integren provisionalmente o padroado.

O dito padroado provisional deberá acordar a modificación dos estatutos no prazo máximo de seis meses desde o seu nomeamento.

Artigo 18.- Duración do mandato

As persoas membros do padroado desempeñarán as súas funcións por tempo indefinido.

Artigo 19.- Carácter gratuito do cargo de persoa membro do padroado

As persoas membros do padroado exercerán o seu cargo sen que, en ningún caso, poidan percibir retribución polo desempeño da súa función. Non obstante, terán dereito a seren reembolsadas dos gastos debidamente xustificadas que o desempeño da súa función lles ocasione e os límites establecidos nos presentes estatutos.

Artigo 20.- Nomeamento e substitución das persoas membros do padroado

Poden ser membros do padroado da fundación tanto as persoas físicas coma as xurídicas. As persoas físicas que sexan membros do padroado deberán ter plena capacidade de obrar, e non poderán estar inhabilitadas para o exercicio de cargos públicos

No suposto de que o membro do padreado o sexa por razón do cargo que ocupe, poderá actuar no seu nome a persoa á que legalmente lle corresponda a súa substitución.

A substitución das persoas membros do padreado comunicárase formalmente ao protectorado e inscribírase no rexistro.

Os membros do padreado que sexan persoas xurídicas deberán nomear a persoa ou as persoas físicas que os representen, de acordo coas súas normas de funcionamento, os cales deben deixar constancia da súa aceptación na forma prevista no artigo 21 do Estatuto

O nomeamento e o cese das persoas membros do padreado será competencia das entidades que os deben designar.

O prazo para cubrir as vacantes será de tres meses desde que se produzan

O cargo de membro do padreado que recaía nunha persoa física, deberá ser exercido persoalmente.

Non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro membro do padreado designado por el. Esta actuación será sempre para actos concretos e deberase axustar instrucións que, de ser o caso, o representado formule por escrito.

No Rexistro de Fundacións de Interese Galego inscribíranse os nomeamentos e ceses dos membros do Padreado, as delegacións de facultades, os apoderamentos xerais e a súa revogación.

Artigo 21.- Aceptación do cargo de persoa membro do padreado

As persoas membros do padreado iniciarán o exercicio das súas funcións logo de aceptar expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá constar no outorgamento da carta fundacional, en documento público independente, en documento privado con sinatura lexitimada por un fedatario público, ou mediante comparecencia realizada ante o rexistro ou perante o Padreado, acreditándose mediante certificación expedida polo secretario co visto e prace do Presidente.

A aceptación comunicárase formalmente ao protectorado para a súa inscrición no devandito rexistro.

Artigo 22.- Dereitos e obrigas das persoas membros do padroado 1. As persoas membros do padroado teñen os seguintes dereitos:

- a) Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás xuntanzas dos órganos dos que formen parte.
- b) Exercer o voto.
- c) Obter a información precisa para o desempeño das súas funcións.
- d) O cargo de membro do Padroado deberá ser exercido persoalmente. Non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro membro do Padroado designado por el. Esta actuación será sempre para actos concretos e haberá de axustarse ás instrucións que, no seu caso, o representado formule por escrito.

2. Son deberes das persoas membros do padroado os seguintes:

- a) Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais de acordo co disposto na lei 12/2.006, do 1 de decembro ou disposicións que a substitúan, na lexislación de ámbito estatal aplicable e nos presentes estatutos.
- b) Administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación, mantendo plenamente o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dunha boa persoa xestora.
- c) Asistir ás xuntanzas do padroado e velar pola legalidade dos acordos que se adopten nelas.
- d) Realizar os actos necesarios para a inscrición da Fundación no rexistro.
- e) Gardar e facer gardar o deber de sigilo nos asuntos da Fundación, do Padreado e do Comité Executivo, salvo nos casos establecidos na lei, evitando interferencias no normal funcionamento da fundación.

Artigo 23.- Facultades do padroado

1. O Padroado deberá axustar a súa actuación ao preceptuado na lexislación vixente e á vontade da persoa fundadora manifestada nestes estatutos.

2. Corresponde ao Padreado o goberno, a representación e administración da fundación, así como a modificación e interpretación destes estatutos nos termos establecidos na lexislación vixente.

Con independencia doutras funcións que lle atribúen estes estatutos e sen prexuízo de solicitar, se é o caso, as preceptivas autorizacións ao protectorado, serán facultades do padroado, a título meramente enunciativo, as seguintes:

- a) Exercer o goberno, a representación, inspección, vixilancia e orientación da fundación, sen prexuízo do establecido para o Director -Xerente.
- b) Interpretar e desenvolver os presentes estatutos e, se é o caso, adoptar acordos sobre a modificación deles, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente.
- c) Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as finalidades da fundación, sen prexuízo do establecido para o Director Xerente.
- d) Acordar a apertura e peche dos seus centros, oficinas e delegacións.
- e) Nomear apoderados/as xerais ou especiais, outorgar poderes e revogalos, no ámbito das súas facultades.
- f) Elaborar e aprobar, no seu caso, o plano de actuación\e as cantas anuais propostas no seu caso polo/a Director/a-Xerente que serán obxecto de presentación ao protectorado.
- g) Nomear e Cesar ao Secretario do Padroado, e cesalo, a proposta do propio Padroado.
- h) Nomear e cesar ao Director -Xerente da Fundación
- i) Establecer a relación de postos de traballo da Fundación.
- j) Establecer ao Director -Xerente os límites e criterios para a negociación colectiva.
- k) Cesar, no seu caso, a calquera traballador
- l) Dispor, adquirir, allear e gravar toda clase de bens mobles, e incluso inmobles
- m) Pagar toda clase de facturas, gastos ou investimentos por cheque, abriga de pagamento, transferencia ou calquera outro instrumento de pago a través da persoa que designe ó efecto.
- n) Calquera outra función non asignada expresamente a outro órgano.

3.O padroado poderá delegar as súas facultades nunha ou máis persoas membros con suxeición ao disposto na normativa vixente.

Non poden ser obxecto de delegación:

- i) A aprobación das cantas anuais.
- ii) A formulación dos orzamentos.
- iii) A venda e o gravame de bens inmobles cuxo valor neto contable sexa superior a 50.000,00 € coas limitacións establecidas polos presentes estatutos e pala lexislación

vixente para a dotación fundacional, das obras de arte e dos bens patrimoniais histórico-artísticos e documentais, así como dos valores mobiliarios non cotizados en Bolsa.

iv. A adopción de acordos sobre a transformación, fusión, extinción e liquidación da fundación.

v. A modificación dos Estatutos.

Artigo 24.- Cesamento das persoas membros do padroado

O cesamento dos patróns dunha fundación producirase nos supostos seguintes:

1. Por marte ou declaración de falecemento da persoa física, así como por extinción da persoa xurídica.
2. Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido na lei.
3. Por cesamento no cargo por razón do cal foron nomeados os membros do padroado.
4. Por non desempeñar o cargo coa dilixencia prevista, de así ser declarado por resolución xudicial.
5. Por resolución xudicial que acolla a acción de responsabilidade.
6. Por transcorrer o período do seu mandato, de teren sido nomeados por tempo determinado.
7. Por renuncia, que poderá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación.
8. Por non gardar o deber de sxiilo.
9. Por incumprimento notorio das súas abrigas, previo requirimento e audiencia da Entidade ou Persoa afectada, que conste fidedignamente. Non será necesario o requirimento no caso de que os actos afecten gravemente ao interese xeral ou aos fins da Fundación.
10. Polas causas establecidas validamente para o cesamento nos estatutos.

A renuncia será efectiva dende o momento en que se lle _notifiqJª ao órgano de goberno da fundación.

A suspensión dos patróns poderá ser acordada cautelarmente polo xuíz cando se interpoña contra eles a acción de responsabilidade.

A substitución, ou cesamento e a suspensión dos patróns inscribiranse no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 25.- Responsabilidades das persoas membros do padroado

As persoas membros do padroado deben desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun/dunha representante leal e responderán solidariamente fronte á fundación dos danos e prexuízos que causen por actos contrarios á lei ou a estes estatutos ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o seu cargo. Quedarán exentas de responsabilidade as persoas que votasen en contra do acordo ou que probasen que, non intervindo na súa adopción ou execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, opuxéronse expresamente a el.

Artigo 26.- Reunións do padroado e convocatoria

O padroado reunirse en sesión ordinaria con periodicidade semestral e con carácter extraordinario cando así o determine/acorde a presidencia por propia iniciativa ou por solicitude das dúas terceiras partes das persoas membros do padroado, ou o polo Xerente.

A convocatoria tarase chegar a cada unha das persoas membros con nove días, polo menos, á data da súa celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción. Nela tarase constar o lugar, día e hora de celebración da reunión e irá acompañada así mesmo da orde do día.

Non será precisa convocatoria previa cando se atopen presentes todas as persoas membros do padroado e acorden por unanimidade a celebración da reunión. Neste suposto, non poderá adoptarse ningún acordo sen que o padroado ratifique, por unanimidade, a súa inclusión na orde do día.

Artigo 27.- Formas de deliberar e adoptar acordos

As reunións do padroado entenderanse validamente constituídas cando concorran a elas, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos a metade máis un das súas persoas membros.

Os acordos serán inmediatamente executivos e serán adoptados pola metade máis un dos asistentes, sendo dirimente en caso de empate o voto da presidencia.

Non obstante, requirirase o voto favorable das dúas terceiras partes das persoas asistentes sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta das persoas membros para aprobar acordos que se retiren á reforma ou modificación dos estatutos, á disposición de bens a título gratuito, á fusión, á escisión e á extinción da Fundación.

Será válida a votación sobre asuntos fóra da arde do día sempre e cando así o decidan polo menos a metade mais un das persoas membros do Padroado.

Artigo 28. Actas do Padroado.

- i. O/A secretario/a redactará acta de cada sesión que realice o padroado, que especificará necesariamente as persoas asistentes, a arde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo de realización da sesión, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.**
- ii. Na acta figurará, a solicitude das persoas membros do padroado, o voto contrario ao acordo adoptado, súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do voto favorable. Así mesmo, calquera persoa membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que presente no acto, ou no prazo que sinala a presidencia, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndoo constar na acta ou xuntándolle copia a esta.**
- iii. As persoas membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas que se incorporará ao texto aprobado.**
- iv. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión do padroado. Non obstante, o secretario poderá emitir certificación sobre os acordos específicos adoptados, sen prexuízo da aprobación posterior da acta, facendo constar que a acta está pendente de aprobación.**
- v. As actas unha vez aprobadas deberán ser asinadas polo secretario do Padroado co visto bo do presidente**
- vi. Será responsabilidade da secretaria o cumprimento dos requisitos legais e estatutarios das actas, incluída a sinatura das mesmas.**
- vii. A presidencia requirirá a presenza dun notario para que redacte a acta da reunión sempre que, con catro días de antelación ao previsto para a súa realización, o solicite a terceira parte do número total de membros que integran o padroado. Neste suposto, non será preciso que o padroado aprobe a acta.**
- viii. A fundación deberá levar un libro de actas no cal constarán as aprobadas polo padroado e as previstas no punto anterior.**
- ix. Será responsabilidade do/a secretario/a o cumprimento dos requisitos legais e estatutarios do/s libro/s de actas.**

Artigo 29.-A presidencia do padroado

Á presidencia correspóndelle o exercicio das seguintes funcións:

- a) A Representación Xeral da fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas, agás naqueles supostos concretos nos que o padroado delegue tal representación nalgunha das súas persoas membros ou outorgue un poder notarial para tal efecto e sen prexuízo da representación singular limitada que lle corresponde ao/á Director/a - Xerente e determinada nestes estatutos ou ben a conferida pola presidencia por delegación da mesma.
- b) Convocar, presidir, suspender ou levantar as reunións do padroado, dirixir os seus debates/arbitrar as súas deliberacións e desfacer os empates co voto de calidade.
- c) Autorizar, a petición do/a Director/a - Xerente, a asistencia doutras persoas ás reunións do padroado, en calidade de acompañantes dos seus membros, se a súa presenza se xulga conveniente pola natureza das cuestións a debater.
- d) Supervisar as operacións da fundación e presentar ao padroado os informes que considere oportunos.
- e) Executar os acordos do padroado, podendo para isto realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para tal fin.
- f) Asinar o Contrato e no seu caso das sucesivas prórrogas do/a Director/a - Xerente de conformidade cos acordos do padroado.
- g) Asinar as Contas anuais e o plano de actuación aprobados.
- h) Asinar, no seu caso, o Convenio Colectivo da Fundación.
- i) Outorgar o visto e prace ás certificacións expedidas polo/a secretario/a do padroado, cando tal requisito sexa esixido ven polos estatutos, ven polo ordenamento xurídico.
- j) Calquera outra atribuída legalmente ou que lle sexa validamente encomendada ou delegada polo padroado.

Artigo 30.- A Vicepresidencia do Padroado

O Padroado poderá nomear por maioría e de entre os seus membros a un/unha Vicepresidente/a, que substituirá ó/a Presidente/a nas súas funcións nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou vacante de calquera orde.

Artigo 31.- A Secretaría do Padroado

1. O padroado debe nomear un/unha secretario, con voz e voto se é elixido/a de entre os seus membros ou, con voz pero sen voto, se o cargo recae nunha persoa allea.

O/A Secretario/a deberá ter a condición de Licenciado/a en Dereito.

No suposto de que o cargo recaera nunha persoa allea, poderá ser remunerado si así o aproba o Padroado e na contía que o Padroado determine.

2. Son funcións da secretaría:

- a. Certificar os acordos do padreado co visto e prace da presidencia.
 - b. Efectuar a convocatoria das sesións do padreado por orde da presidencia, así como as citacións das súas persoas membros.
 - c. Asistir ás xuntanzas do padreado.
 - d. O cumprimento dos requisitos legais e estatutarios das actas, incluída a sinatura das mesmas.
 - e. Velar polo cumprimento do requisito de sinatura pola presidencia do padreado das contas anuais e o plan de actuación, unha vez aprobados.
 - f. Conservar a documentación da fundación e reflectir debidamente no libro de actas do padreado o desenvolvemento das reunións.
 - g. O cumprimento dos requisitos legais e estatutarios do/s libro/s de actas.
3. Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, a persoa titular da secretaría poderá ser substituída por calquera membro do padreado elixido por maioría.
4. Sen prexuízo do anterior, o padreado poderá nomear un/unha vicesecretario, que asumirá as funcións da secretaría no caso de vacante, ausencia ou enfermidade da persoa titular dela, que así mesmo deberá ser licenciado en dereito.

CAPÍTULO SEGUNDO: ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS

Artigo 32.-Consellos asesores

O padreado poderá crear outros consellos asesores e de estudo, así como órganos similares con funcións de apoio e asesoramento, para o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais.

As súa composición, normas de funcionamento, atribucións e demais cuestións relativas aos órganos creados serán formulados e aprobados na mesma Reunión do Padreado que crea o consello asesor.

Tales funcións serán consultivas e asesoras, potestativas e non vinculantes, para os órganos decisorios.

A creación destes órganos deberá ser notificada ao protectorado e inscrita no rexistro.

CAPÍTULO TERCEIRO: A DIRECCIÓN OU XERENCIA

Artigo 33.- Natureza

O Director - Xerente e un órgano unipersoal da Fundación responsable das funcións ordinarias de administración e xestión da fundación e exerce as facultades delegadas polo padreado, e as previstas nestes estatutos.

O cargo de Xerente non poderá recaer en ningunha persoa que ostente a condición de membro de calquera outro órgano da fundación .

Poderá non obstante tal persoa pertencer, ser asalariado, membro ou funcionario de calquera das persoas xurídicas, entidades ou administracións que formen parte da Fundación como patróns toda vez que tal persoa física non sexa representante do patrón persoa xurídica no seo do Padreado.

Deberá ser unha persoa física con acreditada solvencia técnica ao respecto, e coa remuneración axeitada ás funcións desempeñadas. No caso de que a persoa física que sexa nomeada Xerente estea na situación sinalada no parágrafo anterior, a remuneración polo exercicio das función de Xerente respecto da Fundación poderá ser facturada pola persoa xurídica da que o Xerente é asalariado ou funcionario.

O nomeamento e cesamento das persoas que vaian desempeñar o dito cargo deberase comunicar ao Protectorado polo Secretario do Padreado e inscribirse no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 34.- Nomeamento e cesamento

O director - xerente da fundación será nomeado polo Padreado. Este cargo poderá ser retribuído no marco dunha relación laboral de carácter especial.

O cesamento do/a directora - xerente producirase nos supostos seguintes:

- a) Por morte ou declaración de falecemento.
- b) Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido na lei.
- c) Por renuncia comunicada coas debidas formalidades. Por cesamento no cargo por razón do cal foron nomeados membros do padreado.
- d) Por resolución xudicial firme.
- e) Polo transcurso do prazo para o que foi nomeado, salvo prórroga.
- f) Por acordo motivado do padreado.

Artigo 35.- Funcións

O director -xerente da fundación ten as seguintes funcións:

- a) Executar e facer cumprir os acordos do padroado.
- b) A execución do plano estratéxico da fundación e a avaliación dos seus resultados, dando conta ao padroado.
- c) A definición de perfís, atribucións, bases e requisitos para a Contratación, xestión e dirección do persoal, respectando a relación de persoal ao servizo da fundación, a dirección económico-administrativa da fundación e a xestión económico-financeira ordinaria.
- d) Propoñer ao Padroado a apertura de expedientes, suspensión, separación ou cese do persoal constante o contrato.
- e) Cese do persoal dentro do período de proba.
- f) A Representación singular da fundación para:

A negociación colectiva, dentro e nos límites establecidos polo Padroado. Comparecer ante Xulgados, Tribunais, Maxistraturas, Ministerios Fiscais, Sindicatos, Notarías, Rexistros, Corporacións e Entidades Estatais, Autonómicas, Provinciais ou Municipais e ante calquera organismos, oficinas ou dependencias, Xuntas, Comunidades ou Funcionarios e, en calquera concepto, como demandante, demandado, querelado, coaxudante, titular, cotitular ou simplemente interesado en todo tipo de causas, xuízos, procedementos ou expedientes civís, criminais, administrativos, contenciosos e económico administrativos, interpor recursos, incluso de casación e nulidade, ratificar escritos e desistir de tódalas actuacións. Instar actas notaríaís de toda clase e facer, aceptar e contestar requirimentos e notificacións e outorgar poderes xerais para preitos con todas as facultades usuais e típicas desta clase de apoderamentos, incluso para recursos extraordinarios, de revisión, casación e promover querelas penais. Solicitar Subvencións e calquera tipo de axudas no nome da Fundación. Representar á fundación para a liquidación de tributos Aos expresados fins asinar cantos documentos foren precisos.

- g) Dispor, adquirir, allear e gravar toda clase de bens mobles, e incluso inmobles, sempre que o seu valor neto contable non exceda de 50.000,00 €.
- h) Outorgar toda clase de actos, compras e contratos ou negocios xurídicos directa ou indirectamente relacionados coa promoción, execución, organización e/ou celebración das actividades propias do obxecto da Fundación dentro dos límites establecidos polos estatutos e o ordenamento xurídico.

- i) Administrar os bens mobles e inmobles da fundación, coas limitacións establecidas na lexislación vixente e nos presentes estatutos, dando conta da súa actuación ó Padreado cando lle sexan presentadas as contas anuais, e, en todo caso, cando este lle requira para elo.
- j) Xirar, aceptar, endosar, intervir, avalar e protestar letras de cambio e outros documentos de xiro, cando estes estean directamente vencellados coa organización e celebración dun evento feiral que a Fundación, previamente acordase que se celebre.
- k) Dispor, abrir, seguir e cancela-la conta específica de cada un dos eventos, en calquera clase de entidade de crédito e aforro, bancos, institutos e organismos oficiais, facendo todo canto a lexislación e prácticas bancarias permitan.
- l) Instruír os expedientes de contratación de conformidade co establecido no ordenamento xurídico, e sen prexuízo do establecido para o Secretario do Padreado.
- m) Outorgar contratos de traballo, comunicar o remate dos mesmos, outorgar contratos de transporte, de mantemento e de servizos, retirar e remitir xéneros, envíos e xiros.
- n) Pagar toda clase de gastos ata un límite por cheque, obriga de pagamento, transferencia ou calquera outro instrumento de pago de 18.000,00 €.
- ñ) Levar e custodiar baixo a súa supervisión e responsabilidade os libros de contabilidade da fundación.
- o) Formular e Presentar para a súa aprobación ao Padreado dentro dos tres meses seguintes á data de peche de cada exercicio, as contas anuais.
- p) Propoñer dentro dos últimos tres meses de cada exercicio ao Padreado o Plano de actuación, no que queden reflectidos os obxectivos, as actividades que se prevexan desenvolver durante o exercicio seguinte, unha previsión das partidas de ingresos e gastos calculados e mais unha memoria explicativa do mesmo plan de actuación.
- q) As competencias correspondentes a máxima autoridade en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal no ámbito da Fundación.
- r) As competencias correspondentes a máxima autoridade en materia de Seguridade e Prevención de Riscos Laborais no ámbito da Fundación segundas directrices establecidas polo Padreado.
- s) Calquera outra función que lle delegue o padreado e/ou o Comité Executivo.

As resolucións ou acordos sobre delegacións conferidas ó Director - Xerente da fundación serán motivadas polos correspondentes órganos e precisarase, en cada caso, a súa natureza e alcance. No caso de que a Padroado non establecese tal alcance serán de aplicación as facultades referidas neste artigo.

No exercicio das súas función o Xerente deberá seguir as liñas de decisión estratéxica ou de xestión marcadas no seu caso polo Padroado, sempre dentro da legalidade vixente.

TÍTULO V RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 36.- Patrimonio fundacional

O patrimonio da fundación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigacións susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por aqueles que adquira a fundación con posterioridade á súa constitución, con independencia de que se afecten ou non á dotación.

Artigo 37.- Administración e disposición do patrimonio.

A administración e a disposición do patrimonio da fundación correspóndenlle ao padroado, sen prexuízo do disposto para o Director - Xerente e/ou o Comité Exeeutivo e faranse consonte o estipulado nestes estatutos e con suxeición ao establecido na Lei de fundacións de interesa galega e nas demais disposicións aplicables.

Artigo 38.- Publicidade do patrimonio.

Os bens ou os dereitos que integran o patrimonio da fundación deberán figurar ao seu nome e constar nos seu inventario.

Os que sexan susceptibles de inscrición inscribíranse nos rexistros correspondentes.

Os fondos públicos e os valores mobiliarios deberán ser depositados ao seu nome en establecementos financeiros.

O padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición ao nome da fundación dos bens e dos dereitos que integran o seu patrimonio nos rexistros públicos correspondentes.

Artigo 39.- Dotación da fundación

A dotación fundacional, que poderá consistir en bens e dereitos de calquera clase, terá que ser adecuada e suficiente para o cumprimento dos fins fundacionais, presumirase suficiente a dotación cuxo valor económico alcance a contía determinada na lei.

A dotación da fundación está integrada por todos os bens e dereitos que constitúen a súa dotación inicial e por aqueloutros que no sucesivo se aporten a ela con ese carácter.

O aumento da dotación mediante achega do fundador ou fundadores, dun patrón ou dun terceiro deberá constar necesariamente en escritura pública, e acreditarse, ademais, ante o notario autorizante a realidade da achega, así como a manifestación da vontade do achegante da integración na dotación ou, no seu defecto, o acorde do padreado sobre o réxime aplicable á achega efectuada.

O Valor da dotación fixarase en euros para futuras aportacións, tanto se consiste en diñeiro como en achegas non pecuniarias.

Do mesmo xeito que na lexislación mercantil, non poderán ser obxecto de aportación futura á dotación fundacional o traballo, servizos ou arrendamentos.

Se a achega do aumento da dotación ou de parte dela é en cartos, poderase efectuar en xeito sucesivo. En tal caso, o desembolso inicial será polo menos, do 25% ou de un porcentaxe superior cando así o determine o ordenamento xurídico, e o resto deberase facer efectivo nun prazo non superior a cinco anos, contados dende o outorgamento da escritura pública de constitución da fundación.

A realidade das achegas monetarias futuras á dotación, deberá acreditarse ante o notario autorizante da escritura, mediante un certificado de depósito da cantidade correspondente a nome da fundación nunha entidade de crédito.

O dito certificado de depósito expedirao a entidade de crédito e incorporarase á escritura pública. O certificado de depósito non poderá ser de data anterior en máis de tres meses á da escritura pública.

Nos supostos de achegas futuras sucesivas da dotación fundacional, o certificado de depósito correspondente deberase incorporar á escritura ou escrituras públicas que documenten os citados desembolsos.

Se a achega non é en cartos, deberase incorporar á escritura a taxación realizada por un experto independente nos termos establecidos na lexislación vixente no intre da achega.

Nun e noutro caso, deberase acreditar ou garantir a realidade das achegas perante o notario autorizante.

A taxación das achegas non pecuniarias efectuarase mediante informe dun experto independente nomeado polo padroado e por conta da fundación, salvo nos supostos establecidos pola normativa vixente.

Enténdese por experto independente para a aplicación deste artigo, toda persoa física ou xurídica que exerza legalmente unha profesión ou actividade directamente relacionada coa valoración ou peritación dos bens ou dereitos achegados e que cumpra os requisitos esixidos pola lexislación vixente para o seu exercicio.

Cando a achega consista en valores cotizados nun mercado secundario oficial, terá a consideración de informe de experto independente a certificación dunha entidade xestora que opere no dito mercado, no que se acredite a valoración dos títulos de acordo coa cotización media do último trimestre.

A taxación do experto independente deberase incorporar á escritura de ampliación da dotación fundacional.

O informe do experto independente conterá a descrición de cada unha das achegas non pecuniarias, con datos rexistrados se existen, así como os criterios de valoración adoptados.

Cando o aumento da dotación responda á asignación contable de efectivo da propia fundación, mediante un traspaso de cantas, a formalización da operación poderase realizar mediante certificación do acordo do padroado, coas sinaturas lexitimadas notarialmente, acompañada do balance en que se fundamente o acordo adoptado.

Artigo 40.- Adscrición do patrimonio fundacional

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que a fundación persegue.

Artigo 41.- Financiamento

1. A fundación poderá ser financiada por calquera medio lícito.

2. A fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos rendementos que proveñan do seu patrimonio e, de ser o caso, con aqueles outros procedentes das axudas, as subvencións, as doazóns, as herdanzas e os legados, realizados por persoas físicas ou xurídicas, sexan públicas ou privadas.

3. A fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela, de acordo coas previsións do artigo 10, ás súas persoas beneficiarias ou intermediarios, sempre que:

a) Non desvirtúe o interese xeral para a comunidade autónoma.

b) Non sexan contrarios á vontade fundacional.

c) Non implique unha limitación inxustificada do ámbito das súas posibles persoas beneficiarias.

4. A fundación poderá desenvolver actividades económicas cuxo obxecto estea relacionado cos fins fundacionais ou sexan complementarias ou accesorias das mesmas, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.

Artigo 42.-Contabilidade.

1. A fundación levará unha contabilidade ordenada e axeitada á súa actividade, que permita un seguimento cronolóxico das operacións realizadas. Para isto levará necesariamente un libro diario e un libro de inventarios e contas anuais.

2. O padroado da fundación elaborará, previa formulación do Director -Xerente, en referencia ao anterior exercicio económico, as contas anuais, que comprenden o balance de situación, a conta de resultados e a memoria. Estes documentos forman unha unidade e deben ser redactados con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación. O exercicio económico coincidirá co ano natural.

No balance de situación expresaranse os bens e os dereitos que conforman o activo da fundación e as abrigas e os fondos propios que forman o seu pasivo.

A conta de resultados comprenderá os ingresos e os gastos do exercicio e, por diferenza, o seu resultado.

A memoria completará, ampliará e comentará a información contida no balance de situación e na conta de resultados, relativa ao último exercicio cerrado, e deberá incluír os extremos establecidos na normativa vixente.

3. Os documentos referidos ás contas anuais deberanse elaborar seguindo os modelos, as normas e os criterios establecidos na adaptación sectorial do Plan xeral de contabilidade para as entidades sen fins lucrativos.

Na xestión económico-financeira, a fundación rexerese de acordo aos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

Artigo 43.- Elaboración do plan de actuación.

1. O Padroado, previa formulación polo Director -Xerente no caso de que este exista, elaborará e remitiralle ao protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación, no que queden reflectidos os obxectivos, as actividades que se prevexan desenvolver durante o exercicio seguinte, unha previsión das partidas de ingresos e gastos calculados e mais unha memoria explicativa do plan de actuación.

2. O plan de actuación conterá a suficiente información identificativa das actividades propias da fundación e das actividades mercantís, dos gastos estimados para cada unha delas e dos ingresos e outros recursos previstos, e calquera outra información que permita comprobar o grao de realización de cada actividade ou o grao de cumprimento dos obxectivos.

3. O plan de actuación deberáselle presentar ao protectorado acompañado da certificación de aprobación por parte do padreado da fundación.

Artigo 44.-Formulación e Presentación das contas anuais

No caso de que exista O Director -Xerente formulará as contas anuais e noutro caso o propio Padreado, que deberán ser aprobadas polo Padreado no prazo de seis meses dende o peche do exercicio económico e presentadas ante o protectorado, nos vinte días seguintes á súa aprobación, para o seu exame e posterior depósito no rexistro.

As contas anuais comprenden balance, conta de resultados e memoria e forman unha unidade. Deben ser redactadas con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación.

A memoria completará, ampliará e comentará a información contida no balance e na conta de resultados e incorporará un inventario dos elementos patrimoniais da fundación. Na memoria incluíranse as actividades fundacionais, os cambios nos órganos de goberno, dirección e representación, así como o grao de cumprimento do plan de actuación. Tamén se indicarán os recursos empregados, a súa procedencia, o número de persoas beneficiarías en cada unha das distintas actuacións realizadas, os

convenios que, se é o caso, se subscribisen con outras entidades para estes fins, así como o grao de cumprimento do destino de rendas e ingresos.

As contas anuais unha vez aprobadas deberán ser asinadas en todas as súas follas pola presidencia do Padroado. Será responsabilidade do Secretario velar polo cumprimento deste requisito.

Artigo 45.- Auditoría

As contas da fundación someteranse anualmente a auditoría externa cando o ordenamento xurídico dispoña dita obriga, conforme o establecido na normativa de aplicación, sen prexuízo do control financeiro que poidan exercer os correspondentes órganos da Xunta de Galicia.

TÍTULO VI

DA MODIFICACIÓN, AGREGACIÓN OU EXTINCIÓN

Artigo 46.- Modificación de estatutos

Por acordo do padroado, poderán ser modificados estes estatutos, sempre que resulte conveniente aos intereses da fundación e se cumpran os requisitos previstos na lexislación vixente. Procederáse á dita modificación cando as circunstancias que presidiron a constitución da fundación variaran de tal maneira que esta non poida actuar satisfactoriamente de conformidade cos estatutos en vigor.

Para a adopción de acordos de modificación, será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes das persoas asistentes á reunión, sempre que supoña a maioría absoluta de membros do padroado.

A modificación ou nova redacción dos estatutos acordada polo padroado terá que ser aprobada polo protectorado e inscrita no rexistro logo do cumprimento dos requisitos previstos na Lei 12/2006, do 1 de decembro ou disposicións que a substitúan neste termo.

Artigo 47.- Fusión con outra fundación

A fundación poderá fusionarse con outra ou outras, lodo do acordo dos seus respectivos padroados.

O acordo de fusión deberá ser aprobado co voto favorable das dúas terceiras partes das persoas asistentes á reunión, sempre que supoña a maioría absoluta de membros

do padreado. A fusión requirirá comunicación ao protectorado, formalización en escritura pública e inscrición no rexistro.

Artigo 48.- Extinción da fundación

A fundación extinguirase palas causas e de acordo ós precedementos establecidos pala lexislación vixente.

Artigo 49.- Liquidación e adxudicación

1.- A extinción da fundación, agás nos supostos nos cales teña lugar como consecuencia dunha fusión, determinará a apertura do procedemento de liquidación que se realizará polo padreado co control e o asesoramento do protectorado.

2.- O padreado -como órgano de liquidación- deberá realizar as seguintes actuacións:

- a) Confección do inventario e do balance de situación da fundación na data de inicio do procedemento de liquidación.
- b) Finalización das operacións de xestión que estaban iniciadas ao acordar a extinción, así como de novas que se deban levar a cabo coas limitacións previstas.
- c) Cobramento de créditos pendentes, cancelación de débedas e os acredores de todo tipo e pala orde de prelación establecida.
- d) Calquera outra actuación que sexa conveniente ou necesaria para os interesados no procedemento.

3.- Nos supostos de extinción, e lago do procedemento de liquidación, os bens e dereitos resultantes da fundación destinaranse a órganos ou entidades dependentes da Xunta de Galicia ou á propia Xunta de Galicia[así como ós demais membros que conforman a fundación, en proporción á contía das súas respectivas cotas, ata cubrir a dotación fundacional/ realizada tanto pala Xunta de Galicia como por cada un dos estantes integrantes ao patrimonio da Fundación Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia - Fexdega, co fin de que estes bens revertan novamente na realización de fins públicos.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, unha vez acordada a extinción, o Padreado da Fundación notificará a Consellería competente en materia de comercio o acordo de extinción da Fundación requiríndolle para que prepoña unha ou varias entidades destinatarias dos bens e dereitos resultantes da liquidación da Fundación de acordo co disposto no parágrafo anterior.

No suposto de que a Consellería competente en materia de comercio non notificase ningunha preposta no prazo de 3 meses a contar dende a notificación efectuada pola

Fundación, o Padreado poderá libremente acordar o destino dos bens resultantes a unha ou varias das entidades ou fundacións non lucrativas privadas ou públicas que persigan fins de interese xeral e teñan consideración de entidades beneficiarías do mecenado para os efectos previstos nos artigos 16 ao 25, ambos os dous inclusive, da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

4.-Os bens e dereitos restantes destinaranse ás fundacións ou ás entidades non lucrativas privadas ou públicas que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens, mesmo para o suposto da súa disolución, á consecución daqueles. Estas terán a consideración de entidades beneficiarías do mecenado para os efectos previstos nos artigos 16 ao 25, ambos os dous inclusive, da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Correspóndelle ao padreado designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente.

CLÁUSULA ADICIONAL

En todo caso, o previsto nestes estatutos non implica limitación ou substitución nas competencias que a lexislación vixente atribúe ao protectorado, e moi especialmente, en relación coas autorizacións ou limitacións ás que a fundación expresamente se somete.